

14/617 INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE "TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL".- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Administrativa, adscrita á Sección de Deportes, do 30 de setembro de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

“De acordo co previsto na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, no artigo 14.2 establécese que “poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza”.

No Orzamento xeral municipal do ano 2021 figura nominativamente a previsión de subvención á entidade “TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL” por importe de **33.000 €** para a realización das actividades propias do Club con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900.

Do mesmo xeito, o Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2020-2022, así como a actualización do devandito Plan estratéxico á anualidade 2021, mediante Acordo núm. 10/238, do 28/4/2021, no que figura a previsión de subvención á entidade “TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL”

No que atinxe ao procedemento de concesión, no capítulo II do Título II da ordenanza regulase o procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal, que esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

Dende esta unidade administrativa, solicitouse da entidade “TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL” a presentación de toda a documentación precisa para a tramitación do convenio, isto é:

1. Solicitude segundo o anexo I que se xunta.
2. Proxecto explicativo o máis detallado posible da realización da totalidade da acción subvencionada, presentado polo representante legal da asociación, xunto co compromiso de destinar a subvención á financiamento parcial das actividades propias do beneficiario.
3. Fotocopia do NIF/CIF da asociación.
4. Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado da representación na entidade ou asociación solicitante.
5. Declaración responsable segundo ANEXO II de:
— Non atoparse inhabilitado nin estar incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac1210840934428831686.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-10-2021

de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.-

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo.
 - Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras administracións ou entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma finalidade da actividade** para a que se solicita a subvención.
 - De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención se efectúa nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 - Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
 - Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.
6. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.
 7. Certificación bancaria que acredite o número da conta bancaria da que a asociación é titular.
 8. Orzamento de ingresos e gastos.
 9. Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

Vistos:

- Certificación de existencia orzamentaria de data 03 de febreiro de 2021, por importe de 622.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do orzamento municipal para o ano 2021 (núm. de operación 202100008451), no que se inclúe o importe de 33.000 € correspondente á subvención prevista nominativamente á entidade "TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL".
- Informe da Sección de Deportes, do 11/06/2021, da necesidade de tramitar nominativamente esta subvención debido á imposibilidade de promover a concorrencia das mesmas.
- Informe proposta da Sección de Deportes, do 27/07/2021 relativo á iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no

orçamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de "TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL".

- Informe do Servizo de Fomento, de 17/08/2021, emitido con carácter favorable con observacións.
- Informe proposta da Sección de Deportes, do 18/08/2021 relativo á iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de "TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL", unha vez modificada a cláusula sexta do convenio para adaptala á lexislación vixente, e subsanadas as consideracións observadas polo Servizo de Fomento.
- Informe do Servizo de Asesoría Xurídica, do 19/08/2021, emitido con carácter favorable.
- Informe do Servizo de Intervención núm. 2021/1343, do 20/08/2021, emitido con carácter favorable."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa Delegado da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A aprobación da concesión de subvención e o texto do convenio o cal ten o teor literal seguinte:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E "CLUB TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL" PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR "GASTOS DE TEMPADA E PROMOCIÓN DO DEPORTE BASE" DURANTE O EXERCICIO 2021.-

Na casa do Concello de Lugo, a de de 2021

REUNIDOS

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac1210840934428831686.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-10-2021

Dunha banda D. Mauricio Repetto Morbán, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social).

E doutra banda con NIF , na súa calidade de representante legal de "CLUB TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL" con CIF G27139013.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que a entidade "CLUB TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL" presenta un proxecto relativo a "GASTOS DE TEMPADA E PROMOCIÓN DO DEPORTE BASE" de interese deportivo, que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto "GASTOS DE TEMPADA E PROMOCIÓN DO DEPORTE BASE"

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "GASTOS DE TEMPADA E PROMOCIÓN DO DEPORTE BASE" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no art. 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local ("promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre")

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de **33.000 €** para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A entidade "CLUB TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL" comprométese a:

- Colaborar co Concello na promoción e divulgación do deporte base e na organización de eventos deportivos.
- Lucir o logotipo do concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei xeral de subvencións.

TERCEIRA.- Crédito presupostario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2021 a cantidade de **33.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900.

CUARTA.-Gastos subvencionables e prazo de realización

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 90% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade os persoas beneficiarias deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10 % restante é de obrigada asunción pola entidade, e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubidadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como tales os derivados das actividades propias do persoas beneficiaria ou da realización do proxecto ou actividade concreta, de acordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material deportivo non inventariable, publicidade, gastos por subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2021 e terá a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, **gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).**

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac1210840934428831686.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-10-2021

do custo da actividade subvencionada, todo iso tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da Lei xeral de subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención.

QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo a persoa beneficiaria acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que a persoa beneficiaria aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

SEXTA.- Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, a entidade beneficiaria deberá presentar a documentación acreditativa da realización do antedito programa; a dita documentación presentarse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (imprescindible relación de gastos e ingresos), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención, ademais de documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola entidade.
- b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do control interno do sector público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

As facturas deberán conter unha desagregación dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- a. Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- b. Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- c. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.
- d. Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.
- e. O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de liquidación de cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade, deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación.

No caso de pagamento de gastos de máis de 2.500,00 euros unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no apartado a) anterior, tendo en conta para estes efectos que cando algunha das partes intervinientes actúen en calidade de empresario ou profesional, estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, que establece que "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

- c) O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá a presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac1210840934428831686.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-10-2021

comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

- d) No caso de solicitar e/ou recibir outras subvencións ou axudas por parte doutras administracións ou entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega da dita relación, deberase presentar certificación expedida polo secretario da entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.
- e) Declaración responsable, acreditativa de:
- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
 - Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
 - Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
 - Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Só se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **30 DE NOVIEMBRE de 2021**.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

- a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.
- b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A

presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario para os efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, se é o caso, de acordo coa normativa reguladora das subvencións públicas.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.
2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.
3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no título IV da dita Lei 38/2003.
4. A presentación fóra de prazo da xustificación considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para os ditos efectos, tras a tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:
 - 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
 - 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, para os seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2021.

DÉCIMA.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo polo concelleiro delegado da área interesada, que poderá delegar no funcionario da

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac1210840934428831686.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-10-2021

mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

1. Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2. Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As persoas beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, se é o caso. Para tal efecto a persoa beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e o artigo 111 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de control interno do sector público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, tras o ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba do aquí manifestado os comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados e por duplicado exemplar.

CONCELLO DE LUGO

TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL

D. Mauricio Repetto Morbán

D. "

SEGUNDO.- A autorización e disposición do gasto por importe de **33.000 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021.

TERCEIRO.- Darlles traslado desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas.

CUARTO.- Contra esta resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).